



Concello de AMES



CONCELLO DE CEE



## **ADDENDA AO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA “CLUB DE DEBATE”**

En Santiago de Compostela, o 16 de novembro de 2012, reúnense os representantes dos concellos de Ames, Carballo, Cee, Ferrol, Pontevedra, Ourense, Rois, Santiago de Compostela, Teo e Vigo, e

### **EXPOÑEN**

Que, con data do 9 de febreiro de 2012, varios concellos dos asistentes a esta xuntanza asinaron un protocolo de colaboración para organizaren conxuntamente o proxecto “Club de Debate” no que se prevía a vocación de continuidade do proxecto e a prórroga tácita do acordo así como a posibilidade de se sumaren máis concellos mediante unha addenda.

Que, logo de rematada a primeira edición, o proxecto demostrou o seu interese como ferramenta de dinamización lingüística e cultural na comunidade educativa e, en consecuencia,

### **ACORDAN**

#### **Primeiro**

Reiterar a vontade de colaboración recollida no protocolo inicial e darlle continuidade ao Club de Debate organizando a súa segunda edición mantendo os obxectivos e as demais características do proxecto.

#### **Segundo**

Incorporar á organización o Concello de Cee e o Concello de Ourense.

#### **Terceiro**

Determinar seis zonas para a competición en fase comarcal ao abeiro dos concellos que forman parte do proxecto: Carballo, Ferrol, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.



#### **Cuarto**

Escoller como sede da fase final galega o Concello de Santiago de Compostela e como representante da organización para esta edición a persoa que detente a responsabilidade política en materia de normalización lingüística neste mesmo concello.

#### **Quinto**

Fixar que o tema da final sexa “O galego é unha oportunidade”

#### **Sexto**

Establecer o calendario do Club de Debate 2013:

20 de decembro: Listaxe de equipos participantes.

1 de febreiro: Data límite para realizar os cursos de formación dos equipos participantes

7 de abril: Data límite para a realización das fases locais e comarcais.

4 de maio: Final galega

21 a 23 de xuño: Viaxe do equipo premiado

#### **Sétimo**

Para a efectividade desta addenda, do mesmo xeito que o protocolo do que forma parte, cada concello deberá tomar os acordos que correspondan consonte a normativa, nomeadamente no que toca á disposición dos gastos necesarios.

En proba de conformidade e para a debida constancia, asinan esta addenda en dez exemplares e no lugar e data sinalados no comezo.

Polo Concello de Ames

Polo Concello de Carballo

Polo Concello de Cee

Eugenia Martín Vicente  
Concelleira responsable de  
Normalización Lingüística

Evencio Ferrero Rodríguez  
Alcalde

Zaira Rodríguez Pérez  
Alcaldesa



Concello de AMES



CONCELLO DE CEE



Polo Concello de Ferrol

Polo Concello de Ourense

Polo Concello de Pontevedra

José Manuel Vilariño Anca  
Concelleiro responsable de  
Normalización Lingüística

Ana Garrido Rodríguez  
Concelleira de Normalización  
Lingüística

Demetrio Gómez Xunqueira  
Concelleiro de Normalización  
Lingüística

Polo Concello de Rois

Polo Concello de  
Santiago de Compostela

Polo Concello de Teo

Ramón Tojo Lens  
Alcalde

Rebeca Domínguez Iglesias  
Concelleira de Normalización  
Lingüística

Carme Hermida Gulías  
Concelleira de Normalización  
Lingüística

Polo Concello de Vigo

Manuel Pérez Fernández  
Concelleiro de Normalización  
Lingüística